

## IV. A XERACIÓN DOS 50

Denominamos **Xeración dos 50** unha serie de escritores que irrompen nesa década no panorama literario galego e protagonizan unha **profunda renovación**, tanto formal como temática. Outras etiquetas que recibe son as de **Escola da Tebra** (polo seu cultivo da poesía existencialista), **Xeración de *La Noche*** (pola súa colaboración no xornal vespertino compostelán así chamado) ou **Xeración das Festas Minervais** (por teren gañado premios os seus integrantes nese certame literario anual da Universidade de Santiago, entre 1953 e 1964).

Nacidos na década dos 30 e comezos dos 40, conforman a primeira xeración de posguerra da literatura galega. Aínda que non viviron directamente o conflito bélico, padeceron as súas consecuencias. Descoñecerán inicialmente a actividade galeguista e literaria desenvolvida durante a República e terán que facer **redescuberta de Galiza** a través do contacto con figuras como Otero Pedrayo, Maside, Ramón Piñeiro, Álvarez Blázquez ou *Ben-Cho-Shey*.

Como resposta ao illamento cultural da ditadura, buscan referentes externos no mundo cultural francés e angloamericano e ollan con simpatía **novas formas de expresión artística** caracterizadas polo **rupturismo** e a **rebeldía**: a música *jazz* e *rock*, a *action painting* e o cómic, o movemento *beat*, o teatro do absurdo, o *nouveau roman* francés etc.

Contribúen a **modernizar a poesía, a prosa e o teatro galegos**, a conformar unha **nova linguaxe plástica** e a **redefinir o proxecto político** auspiciado polo grupo Galaxia. Da súa ruptura co *culturalismo* piñeirista xorden o Partido Socialista Galego (PSG, 1963) e a Unión do Pobo Galego (UPG, 1964), que editará o voceiro *Terra e Tempo*. Ambas as forzas rescatan e **actualizan o pensamento de Castelao** á luz das correntes marxistas, inspíranse en movementos e loitas de **carácter antiimperialista** e promoven, desde a **clandestinidade**, unha decidida **oposición á ditadura franquista**.

Na Xeración dos 50 podemos distinguir dous grupos, estreitamente vinculados mais con traxectorias biográficas e artísticas distintas:

- O **grupo compostelán**, do que fan parte Franco Grande, Salvador García-Bodaño, Xohana Torres, Ramón Lugrís, Arcadio López-Casanova, Carlos Casares, Xosé Manuel Beiras... Manteñen nesa época unha notoria afinidade ideolóxica co *piñeirismo* e participan do proxecto da editorial Galaxia a través da súa colección Illa Nova, da *Revista de Economía de Galicia*, da revista *Grial* etc.
- O **grupo Brais Pinto**, formado en 1958 en Madrid arredor dun núcleo de mozos emigrados e universitarios. Fai gala dunha maior



*Ben-Cho-Shey.*

radicalidade artística e ideolóxica, asumindo desde cedo un nido compromiso nacionalista e de esquerdas. Del fan parte Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro, Reimundo Patiño, Xosé Fernández Ferreiro, Ramón Lorenzo, Bautista Álvarez, Herminio Barreiro, Uxío Novoneyra etc.

## 1. A renovación da poesía galega

A Xeración dos 50 impulsa unha decidida renovación da poesía galega, valéndose para iso dun duplo diálogo: con algunhas correntes vangardistas e rupturistas, tanto europeas como norteamericanas, por unha banda, e coa propia tradición galega anterior (poesía cívica, existencialismo rosaliano, celtismo pondalián, paisaxismo...), por outra.

Inicialmente, temas e formas renóvanse ao influxo do Existencialismo europeo (Sartre, Camus...), dando orixe á chamada **Escola da Tebra**, representada por *Fabulario novo* (1952), de Cuña Novás, e polos primeiros libros de Manuel María, *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952) e *Advento* (1954). Nestas obras domina unha visión pesimista e angustiada da vida, que contrasta cos motivos da poesía imaxinista e neotrobadoresca dominantes até entón. Dor existencial, desarraigo, versolibrismo, influencia surrealista e emprego de imaxes oníricas son algúns dos seus trazos.

Posteriormente, o seu compromiso esquerdista e nacionalista trasládase á súa literatura, dando orixe a liñas poéticas diversas que convivirán co **socialrealismo**: o **canto telúrico** de Novoneyra en *Os Eidos* (1955); o **realismo coloquial** de Manuel María en *Documentos persoas* (1958); a **afirmación rebelde e rupturista** de Bernardino Graña en *Poema do home que quixo vivir* (1959); a **poesía beat, revolucionaria e antiimperialista** de Ferrín en *Antoloxía popular de Heriberto Bens* (1972) etc.

### 1.1. Principais poetas da Xeración dos 50


Os principais poetas desta xeración que nos ocupa son:

**Manuel María Fernández Teixeira** (Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004) foi un dos escritores máis prolíficos e coñecidos da segunda metade do século XX. O seu activismo levouno a ser editor das coleccións poéticas Xistral (1952) e Val do Lemos (1968), libreiro, conferenciante, militante nacionalista, académico da RAG e colaborador habitual de prensa.

Comezou a súa traxectoria como poeta desde os presupostos intimistas e existencialistas da Escola da Tebra en libros como *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952) e *Advento* (1954). Ao longo



Manuel María, Saleta Goi e Uxío Novoneyra nunha fotografía feita en 1957.




de case medio cento de volumes poéticos, foi cultivando outras propostas, a miúdo con carácter inaugural. Entre elas cabe salientar o descritivismo paisaxístico e a entraña popular de *Terra Cha* (1954); o socialrealismo crítico, satírico ou militante de obras como *Documentos persoas* (1958) e un longo etc.; o intimismo amoroso, elixíaco ou confesional de volumes como *Poemas ao Outono* (1977), *A luz resuscitada* (1984) e outros moitos; a poesía dirixida ao público infantil de *Os sonhos na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceibe* (1979) etc. A súa obra poética completa foi reunida en 2001 por Espiral Maior, mais tras a súa morte aínda apareceron da man da Fundación que leva o seu nome os libros *Cecais hai unha luz* (2010) e *Os lonxes do solpor* (2012).

Manuel María dominou á perfección o discurso poético, empregando toda clase de rexistros: barroco, imaxinístico, austero, satírico, simbólico, culturalista, intimista, popular... Son motivos recorrentes na súa obra a defensa de Galiza, da súa lingua e das súas clases populares; a sensibilidade ecoloxista; o protesto contra as inxustizas; a proclamación da amizade e do amor etc.


**Xosé Luís Méndez Ferrín** (Ourense, 1938), catedrático de literatura, narrador, ensaísta, presidente da Academia Galega de 2010 a 2013, colaborador de prensa e director da revista *A trabe de ouro*, é un autor clave na evolución da poesía galega contemporánea. Inicia a súa andadura con *Voce na néboa* (1957), que debe adscribirse á poesía existencialista da Escola da Tebra.

En 1976 editou *Con pólvora e magnolias*, que supuxo un auténtico revulsivo na poesía galega. Sen abandonar a reivindicación político-social, Ferrín introduce elementos estéticos e formais anovadores: un novo enfoque (menos tópico e panfletario) no tratamento dos temas, a entrada de abondosas referencias culturais, novos procesos de construción/destrución da linguaxe, peculiares disposicións dos versos etc. O libro artéllase combinando a proclama política nacionalista e revolucionaria (a pólvora), en ton épico, e a introspección íntima (as magnolias): nostalgia do pasado, visión da vida e do tempo coma un río que flúe eternamente, erotismo etc.

En 1980 aparece *Poesía enteira de Heriberto Bens*, poemario de clara vocación sociopolítica, en clave independentista e revolucionaria. *O fin dun canto* foi publicado en 1982. Contén poemas intimistas, de reflexión sobre a vida e evocativos de persoas e cidades. *Estirpe* (1994) puxo fin a un prolongado silencio poético editorial por parte do autor, quen procura as raíces do noso pasado prehistórico e actúa ao xeito pondaliano. O libro inclúe poemas aos vellos navegantes e aos labregos, ás vítimas da Guerra Civil e a determinadas figuras da historia (Prisciliano, Fidel Castro). Co novo século publicará *Era na selva de Esm* (2004) e *Contra maqueiro* (2005).



Xosé Luís Méndez Ferrín.




**Uxío Novoneyra** (Parada de Moreda, O Courel, 1930-Compostela, 1999). Herdeiro da tradición paisaxística e destacado colaborador do Brais Pinto, a súa obra dialoga co contorno natural, desde unha perspectiva telúrica, existencial e mesmo metafísica, de comunión coa natureza na súa inmensidade. A súa poesía é de aparencia moi sinxela (linguaxe sintética, recurso ao silencio, fonosimbolismo, conceptualismo), mais encerra unha gran multiplicidade de contidos (“poesía total”).

*Os Eidos* (1955) é o seu punto de partida. Desde os anos 60, sen abandonar o seu peculiar paisaxismo, Novoneyra ensaiará novos camiños que o levan ao experimentalismo tipográfico, á escrita fonética, ao poema caligramático, á poesía erótica etc., facendo tamén incursións na poesía social, antibelicista e patriótica (“Letanía de Galicia, “Viet Nam canto”), tratada desde unha perspectiva afastada do socialrealismo. A súa contribución á poesía galega contemporánea é fundamental e recóllese en obras como *Elexías do Caurel* (1966); *Os Eidos-2* (1974); *Poemas caligráficos* (1979); *Os eidos. Libro do Courel* (1981); *Do Courel a Compostela. Folga xeral contra da historia* (1988) e outras.

**Xohana Torres** (Santiago, 1931-Vigo 2017). Inicia en 1959 a súa traxectoria poética con *Do sulco*, libro radicalmente intimista, con tres temas básicos: amor, soidade e morte. *Estacións ao mar* (1980), na mesma liña, aborda cuestións esenciais como a soidade do ser humano, a fugacidade do tempo, a vivencia da patria e as lembranzas. En *Tempo de ría* (1992), a poeta describe a experiencia do mar ao xeito da pintura impresionista. Presenta un gran dominio do ritmo e a musicalidade. En 2004 apareceu, da man do Pen Club, o volume recopilatorio *Poesía reunida (1957-2001)*.

**Antón Avilés de Taramancos** (Noia, 1935-A Coruña, 1992). Despois de vivir durante a mocidade na Coruña, en 1960 emigrou a Colombia, onde traballou durante varios lustros. Ao seu regreso a Galiza, coa publicación de *O tempo no espello* (1982), comezou a influír nas novas promocións poéticas. A súa obra ofrece un discurso poético luminoso, de transfondo autobiográfico e de alta concentración lírica, con resonancias hímnicas, que podemos ver en *Cantos caucanos* (1985, Premio da Crítica) e *As torres no ar* (1989). A súa derradeira obra, de tons elexíacos e testamentarios, é *Última fuxida a Harar* (1992).

**Bernardino Graña** (Cangas de Morrazo, 1932). Deuse a coñecer nas Festas Minervais e nas páxinas do vespertino *La Noche*, colaborando máis tarde co grupo Brais Pinto. Na súa traxectoria destacan *Poema do home que quixo vivir* (1958), da estética da Escola da Tebra, *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975), de ton socialrealista e *Profecía do mar* (1966), *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* (1980) e *Himno verde* (1991) de ton vitalista. En 2004 publicou *Sen sombra e sen*



Uxío Novoneyra.

Como narrador, Avilés de Taramancos é autor do libro *Nova crónica de Indias* (1989), conxunto de relatos de grande riqueza estilística, ambientados en América e construídos sobre a combinación de retrincos autobiográficos, tradicións e lendas indíxenas e interpretacións alternativas á historia oficial da conquista.



Antón Avilés de Taramancos


*amor* e en 2008 o libro compilatorio *Acendede as almenaras*. A temática da súa obra xira sobre a vivencia amorosa, a protesta ecoloxista contra a destrución da natureza e a denuncia contra a alienación do ser humano.

**María Xosé Queizán** (Vigo, 1939). Destacou desde moi cedo como narradora e ensaísta, mais como poeta deuse a coñecer serodiamente. *Metáfora da metáfora* (1991) ten como cerna a procura dunha nova palabra liberada do discurso androcéntrico. En *Despertar das amantes* (1993) deconstrúe a ideoloxía machista e ofrece un erotismo lésbico. *Fóra de min* (1994) é un vibrante manifesto contra a xenofobia e a prol dos dereitos humanos. Despois de publicar o volume compilatorio *Non o abras coma unha flor. Poesía reunida 1980-1994* (2004), dá ao prelo *Cólera* (2007), en que evoca a súa mocidade antifranquista e rende homenaxe a figuras e loitas emblemáticas (Che Guevara, Nelson Mandela, Amador e Daniel...).



María Xosé Queizán.


**Manuel Álvarez Torneiro** (A Coruña, 1932-2020). Xornalista de profesión, é unha das voces de evolución máis rica e sólida da súa xeración, aínda que comezou a publicar serodiamente. *Memoria dun silencio* (1982) ofrece referencias existenciais e socialrealistas cunha impecábel técnica e un ton confidencial. Nos seus últimos poemarios predomina o carácter culturalista e a reflexión intimista. *Rigorosamente humano* (1995) foi gañador do Premio Esquío e *Luz de facer memoria* (1998), do González Garcés. En 2013 recibiu o Premio Nacional de Poesía polo libro *Os ángulos da brasa*.



Manuel Álvarez Torneiro.

**Salvador García-Bodaño** (Teis-Vigo, 1935-Teo, 2023). Académico, tradutor e narrador, é autor dunha poesía reflexiva e concentrada, a miúdo elexiaca e amorosa, na que destacan títulos como *Ao pé de cada hora* (1967), *Tempo de Compostela* (1979) e *Cidade Virtual* (2003).

**Alexandre Cribeiro** (Pontevedra, 1936-1995), activista cultural e político, foi director da TVE en Galicia e responsable da transmisión do traslado dos restos de Castelao a Galiza, polo que se veu obrigado a dimitir. É autor de *Acoitelado na espera* (1960) e *Doente espranza* (1962), dentro da Escola de Tebra. En *Indo pra máis perto* (1979) destaca o inconformismo social.



Salvador García-Bodaño.

Outros poetas da Xeración dos 50 son **Manuel Cuña Novás**, autor do emblemático libro da poesía de tebra *Fabulario novo* (1952); **Xosé Luís Franco Grande**, quen compuxo poemarios introspectivos, moralizantes e metafísicos como *Entre o si e o non* (1967); **Arcadio López-Casanova**, que reuniu a súa obra no volume *Do tempo posuído* (2002) e **Reimundo Patiño**, un dos artistas plásticos experimentalistas e inconformistas máis importantes da Galiza do século XX, autor dun único poemario, *Bandeiras neboentas* (1959).

## MANUEL MARÍA

### Terra Cha

A Terra Cha somentes é:  
un povo aquí, outro acolá,  
mil arbres, monte raso,  
un ceo chumbo e tráxico  
no que andan as aves a voar.  
O resto é soedá.

1. Neste breve poema, atopas algo máis que unha descrición paisaxística? Repara nos versos cuarto e derradeiro antes de contestares.

### Ode á beleza da palabra

Só a palabra vale. Unicamente  
ela ilumina o mundo,  
dalle claridade ás cousas  
e fai nídia e intelixíbel  
a confusa escuridade do noso  
ser, mortal e indeciso.  
Todo muda. Somentemente a palabra  
permanece, na súa infinitude,  
se leva dentro de si a chama  
que un día queimou, con  
lúcida paixón e con verdade,  
a desolada flor da nosa vida.

1. No texto hai unha gabanza da palabra. Que virtudes lle sinala o autor?
2. En chave metapoética, que tipo de poesía defende implicitamente?
3. Achas no poema algún elemento de corte existencialista?

## UXÍO NOVONEYRA

Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!  
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...

\* \* \*

COUSOS do lobo!  
Caborcos do xabarín!  
Eidos solos  
onde niguén foi nin ha d'ir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo ollo do bosco  
movendo nas flairas dos teixos  
ruxindo na folla dos carreiros  
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...

Rastrexo  
párase e venta  
finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo  
con toda a sombra da noite na boca.

\* \* \*

CHOVE pra que eu soñe...

\* \* \*

CAIN as follas...  
Sinto unha cousa  
que se apousa en min e non me toca...

1. Localiza nos poemas de Novoneyra exemplos de “paisaxismo existencial” e intenta explicalos.
2. No poema que comeza co verso “Cousos do lobo!” o poeta bota man dun recurso chamado “fonosimbolismo”. Investiga en que consiste e localiza logo exemplos no propio texto.

## XOHANA TORRES

PENÉLOPE

DECLARA o oráculo:

“QUE á banda do solpor é mar de mortos,  
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.  
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.  
QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.  
QUE un sumario de xerfa polos cons.”

Así falou Penélope:

“Existe a maxia e pode ser de todos.  
¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR.”

1. Que saberías dicir do personaxe mitolóxico que dá título ao poema?
2. Explica a mensaxe que nos quere transmitir Xohana Torres.
3. Existe outro poema co mesmo título na literatura galega. Analiza as diferenzas de significado entre ambos textos.
4. Pescudade en internet o texto de Xohana Torres interpretado por Guadi Galego e escoítadeo.

## BERNARDINO GRAÑA

En Padrón os alumnos do Instituto imaxinanme alegre docto e pulcro e axiña han de saber que o catedrático este animal fonético-semántico soubo sí prepararche á hora da cea peixe e patacas con cebola e allo mais sabendo de epítetos e léxicos nunca soubo decirche en xustas verbas como o tes no teu pelo engaiolado e han saber que o recordo é a pizarra onde escribe despois de vir das clases borra escribe e repite e non ve claro outra vez raña o pelo que lle queda fuma bebe pon lume a un pau de sándalo e atopa así algún cheiro femenino mais non sabe atopar no dicionario a palabra ou sintagma con que anecía reterte na súa casa todo o ano.

Pon o reló prás oito. Mañá cedo vai a Padrón explica enche o encerado de cousa vouga Ovidio o Ars Amandi Juan de la Cruz o Cántico.

O malo é volver cando se sobe os cinco pisos  
banzo a banzo e se abre  
a porta e non estás e a casa o mundo  
son vougo enteiro sen amor nen cántico.

1. Neste poema combínanse dous planos argumentais. Identifícaos.



Membros do grupo Brais Pinto.

## XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

*Mon prince on a les dam's du temps jadis qu'on peut*  
Georges Brassens

*E quíxenvos moi tristemente a todas  
as que forades rapidamente eu (un pouco).  
Unha lus nos lugares do estremecemento  
e tardes coma rodas de bronce, interminábeles.  
Poderosas mañáns de rexurdimento e ollos no chao, de  
[amor outido.*

*E quíxenvos moi escasamente a todas  
porque nas regandixas de eu caben ourizos e sufrir é amor  
e nada para o tempo que destrúe os ourizos.  
E quíxenvos (queréndome) coma un río que fose  
dos meus ollos a vós, as tidas e perdidas,  
limitrofes do amor, esquencidas pra sempre.  
E quíxenvos autente, e case non vos quixen  
antre tanto artefautó, construción, mala pedra,  
que nos ten envisgados  
nas cousas, coma lentos navíos que mainamente esbaran.  
Chamo por vosoutras, nomes apenas tatuados  
no baleiro e no fume, e reclamo ese espacio  
que deixáchedes e que cecais é globo (de lume e desespero).*

*Señoras do pasado, damas investigadas a través dos ensoños  
sobre cabalos nidios, inmóbiles no outono de antano,  
sen bris mesmo,  
merci por un crepúsculo, ou acaso algún beixo,  
ou polos poderosos erguementos do sangue,  
ou por sorrisos líquidos a carón da magnolia.*

*Quíxenvos lenemente, e mesmamente fúchedes  
capaces da captura dun anaco de sombra de min,  
e fiquei menos.*

*Inútil esta ollada por derriba do tempo que me outorga  
[silencio,  
escamas, arruínas, borralla, meus ronseles.  
Quíxenvos fuxidío, oh amigas de antonte,  
meu espantoso espello neste solpor que vence.*

## Conto

*Era Galicia un puro val ou oco  
de densidade verde e fume morno.  
Era Galicia a chaira mais espida,  
inerte néboa sobre illó de lodo.*

*Era Galicia esguío vento agudo  
encrequenando en sí tódalas cousas.  
Era Galicia un arbore lentamente  
ensumíndose un pouco cada hora.*

*Era Galicia cen abós de terra  
sen vengar, mudos ecos que nos moven.  
Era Galicia un mar perfectamente  
denso, sen luz e con sabor a homes.*

*Era Galicia a patria do traballo  
de nunca terminar, pola boroa.  
Era Galicia un home sen cabeza.  
Era unha vez Galicia, esperanza angosta.*

## MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

*A amante nunca ten dentes postizos  
graus no nariz  
pelos nas coxas  
gorduras nos cadrís.  
Á amante nunca lle inchan os ollos ao dormir.  
O poeta ama a perfección  
non te ama a ti.  
Es idealización  
mito  
metáfora da metáfora.*

*De non seres perfecta como te amarían?*

1. Queizán pon en evidencia neste poema o machismo subxacente no canon de beleza feminina habitual na literatura. Explica como o fai.

## ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Na outra banda do mar constrúen o navio:  
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben  
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.  
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral  
é unha peza do meu ser. Non saben  
que no interior da quilla está a médula mesma  
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer  
está o perfume máxico da vida.  
Que cando no remate ergan a vela, e a enxárcia  
tremole vagarosamente no ar  
será o meu corazón quen sinta o vento,  
será o meu corazón.

1. Neste poema de Avilés de Taramancos memoria e identidade fúndense estreitamente. Por medio de que elementos se realiza esa fusión?

## SALVADOR GARCÍA-BODANO

### Galicia

Galicia é isto que vai en nós  
e que nos leva  
camiño aberto nos sulcos  
onde todo é por vir e non chega...

Galicia ferida en sono e sombras,  
Galicia enteira  
coma un morto baixo un albre  
soterrado  
onde todo durme e non esperta.

Galicia do mar e da curtiña,  
Galicia miserenta,  
chan de ledicia queixumbrosa  
onde a fama échese de pacencia.

Galicia do sí, do non e do quen sabe,  
duda imensa  
a falar sempre o que lle mandan  
sin decir o que pensa.

Galicia verdadeira, cando?

I eiquí, sin máis,  
esgázase o meu poema...

## MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

### Aula de posguerra

Soaba unha pingueira nunha tina de cinc,  
alí, onde contaban a Historia conveniente.

E chovía nos verbos, naquel nove entre cinco.  
e a táboa do oito era outra mentira tan exacta;  
e era outra mentira o mapa da parede  
sen o río da aldea.

Chovía nos vacíos das fórmulas e as frases,  
na mañá de zotal e tinta fría.

E alí alguén soñou barricadas de estampas,  
Cárpatos de ningures,  
petos cheos de amoras, un brinco endomingado,  
a saúde do seixo e o pentagrama  
para fuxir dun mundo de aligacións e ángulos,  
da mosca verdiazul do mediodía.

Soaba unha pingueira nunha tina de cinc.

¿Onde resiste  
quen foi pasquín de rebelión e escándalo?  
¿En que tenda de praza-patrimonio  
vende sedas, ou viño, ou minte con megáfono?  
¿Onde é materia para un himno?  
¿Fervor de que océano ou alcoba?  
¿Onde home de proveito? ¿Que guarismo?

E un día fundaron o castigo:  
requisaron a luz nos seus depósitos,  
as estrelas de lata, os acopios de mica,  
algo do mar en soños outorgado  
e puxeron a primeira inocencia contra a parede,  
contra o mapa das patrias sen patria,  
sen o río da aldea.

Soaba unha pingueira nunha tina de cinc.

Comezaba o inverno  
a durar media vida.

1. O poema evoca desde o título o sistema educativo do franquismo. Que elementos o caracterizan?